



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

NOTA DE PRENSA

O Viveiro de Empresas de Porto do son acollerá a un novo emprendedor, Emilio José Hortas Fernández, veciño da parroquia de Caamaño, sita neste concello.

BOWLTASH é o nome desta nova empresa, que nace do amor a un deporte coma o surf. A idea xorde no 2004, cando Emilio Horta e os seus compañeiros de disciplina se reúnen con frecuencia para fabricar e reparar as súas propias tablas. É así como xerma a idea da creación de BOWLTASH que hoxe pretende ser unha realidade.

Pola súa parte o Concelleiro de Emprego de Porto do Son, Antonio Romero, ve neste proxecto empresarial unha magnífica oportunidade para o novo emprendedor, xa que o Viveiro de empresas é un espazo pensado para facilitar a posta en marcha de ideas empresariais durante os seus primeiros anos de vida, darlle continuidade para poder competir no mercado unha vez abandonado o viveiro e así fomentar o autoemprego. Antonio Romero valora positivamente a futura implantación desta empresa no concello xa que o surf é un deporte en auge, que atrae a centos de persoas ás nosas praias, que teñen unhas excelentes condicións para este deporte, dándolle tamén un gran impulso económico ao concello.

Emilio Hortas e BOWLTASH ofreceránlle aos seus clientes tablas de surf feitas á man, deseños personalizados, prezos competitivos e un trato profesional e directo co *shaper*.

